



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. (INCOLSA) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente da Axencia Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou con Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA) Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico (INORDE) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e INCOLSA para a realización das actuacións que se detallan a continuación:

- Proxecto de recuperación do Sistema Integral de Calidade Turística en Destino (SICTED).
- Proxecto “Camiña/o”, proxecto que nace para dar a coñecer desde o punto de vista turístico a ruta do “Camiño Portugués pola Costa” e darlle tamén visibilidade á muller no mundo da ilustración.
- Proxecto de habilitación dun espazo de acollida a peregrinos, visitantes e turistas na oficina central de información de turismo de Santiago.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:





Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- O concello de Santiago de Compostela ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia. O Concello de Santiago exerce esta competencia a través da sociedade municipal Información e Comunicación Social, S.A., (INCOLSA), medio propio do devandito concello.

Terceiro.- O proxecto Camiño 2021 nace como un programa de actuacións que pretenden preparar a cidade de Santiago desde o punto de vista turístico para o Ano Santo 2021, que segundo as previsións pode ser un ano excepcional en número de persoas que visiten a cidade e Galicia, e polo tanto unha oportunidade única para a consolidación como destino turístico internacional cara ao futuro.

Que a través deste convenio, outórgase a INCOLSA unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Axencia Turismo de Galicia

Estrada Santiago-Noia, Km. 3 (A Barcia)
15897-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 542 500



3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

